




CAMIÑO FRANCÉS CAMIÑA COS SENTIDOS

Mancomunidade de Concellos Galegos do Camiño Francés



CAMIÑO FRANCÉS. CAMIÑA COS SENTIDOS
Mancomunidad de Concellos Galegos do Camiño Francés

Deseño, creación e textos: Estudio Boconti

Fotografía O Cebreiro, Triacastela, Samos e Sarria: José Salgado

Fotografía Paradela, Portomarín, Monterroso, Palas de Rei, Melide, Arzúa e O Pino: Estudio Boconti



Sinte o Camiño. Camiña cos Sentidos

Esta guía convídate a percorrer o Camiño de Santiago Francés coa alma aberta e os sentidos atentos e dispostos a descubrir todo o que esta viaxe ten para ofrecer. A cada paso, os concellos que o atravesan agasállante cun mosaico de paisaxes, sabores, sons e emocións que farán da túa peregrinaxe unha experiencia profunda e inesquecible.

Sinte o aire fresco sobre a túa pel, escoita o murmurio dos ríos e o rumoreo do vento entre as árbores centenarias. Deixa que os teus ollos se perdan nos verdes prados e montañas. Descubre en cada recuncho a riqueza cultural e espiritual que impregna estes lugares. O Camiño Francés non é só un traxecto, é unha viaxe vital a través do corazón de Galicia, onde en cada aldea, cada pobo e cada vila acollerémoste con calidez e hospitalidade, convidándote a conectar coa nosa historia, a nosa xente e a nosa terra.

**Mancomunidade de Concellos
Galegos do Camiño Francés**

COÑÉCENOS

A **Mancomunidade de Concellos Galegos do Camiño Francés** está integrada polos concellos de **Pedrafita do Cebreiro, Triacastela, Samos, Sarria, Paradela, Portomarín, Monterroso, Palas de Rei, Melide, Arzúa e O Pino.**

Por estes once históricos municipios, unidos no compromiso de preservar, protexer e difundir o milenario Camiño de Santiago, transcorre o tramo final do **Camiño Francés en Galicia** que abarca aproximadamente **160 quilómetros** ata chegar á tumba do Apóstolo en Santiago de Compostela.







PEDRAFITA DO CEBREIRO

PORTA DE ENTRADA DO CAMIÑO FRANCÉS

Tras unha subida maxestosa e desafiante, que sen dúbida deixará unha pegada indeleble na túa memoria, a chegada a O Cebreiro, entre as serras de O Courel e Os Ancares, marca o inicio do Camiño de Santiago Francés á súa entrada en Galicia.

Nunha contorna única onde o tempo parece terse detido, a máxica aldea de O Cebreiro, coa súa quietude e impresionante paisaxe de montaña, recibirate coa mesma calidez e hospitalidade coa que levan acollendo a cada peregrino dende hai máis de 1000 anos.





IGREXA DE SANTA MARÍA A REAL

O Cebreiro é un dos lugares máis emblemáticos e recoñecidos de todo o Camiño Francés, tanto pola súa localización estratéxica como pola profunda tradición simbólica que o rodea.



É aquí, nos anos sesenta do pasado século, onde rexorde de novo o Camiño da man do seu gran impulsor e revitalizador, o sacerdote **Elías Valiña**. El é o creador da sinalización do Camiño coa coñecida frecha amarela e foi tamén decisivo na conservación e reconstrución do importante patrimonio de O Cebreiro como a **Igrexa de Santa María A Real** e o **Hospital de San Giraldo de Aurillac**, fundado no século IX e sobre cuxos restos actualmente se atopa a Hospedaría do mesmo nome.

**A Igrexa
de Santa
María A Real é
unha xoia
prerrománica
do século IX.
O seu Cáliz
milagroso
figura no
escudo de
Galicia.**

Unha antiga tradición histórica conta que, a principios do século XIV, un monxe celebraba a eucaristía na Igrexa de Santa María A Real nun cru día de inverno. Crendo que ninguén acudiría debido á neve e o forte vento, burlouse do esforzo do único devoto campesiño que asistiu, dicindo que só viña “ver un pouco de pan e viño”. Ante a incredulidade do sacerdote, durante o intre da Consagración a Hostia transformouse en carne e o Viño en sangue. Este milagre propagouse rapidamente por toda Europa, consolidando a O Cebreiro como un importante destino de peregrinación protexido por reis e papas ao longo dos séculos.







IGREXA DE SAN XOÁN

Antes de partir de O Cebreiro, visita o **Museo Etnográfico** e gozarás da oportunidade de mergullarte nos modos de vida das **pallozas**, vivendas tradicionais que se manteñen como auténtica testemuña viva dos antigos asentamentos prerromanos.

Cando retomes o Camiño atravesarás fermosas aldeas como **Hospital da Condesa**, cuxo nome provén dun dos hospitais para peregrinos máis antigos da ruta francesa, fundado no século IX, e do que xa non queda ningún resto. Hoxe só pervive, coa súa extraordinaria beleza de montaña, a Igrexa de San Juan, do século XII, vinculada á **Orde de Malta**.

Antes de chegar a Hospital da Condesa atoparás o **Alto de San Roque**, onde a escultura dun recio peregrino desafiaba a vento e neve en homenaxe aos camiñantes e o seu incansable percorrido ata o sepulcro do Apóstolo.





DESCUBRE

Moi preto do Camiño, a escritora canadense Laura Dennett creou na Lagoa de Táboas, Pedrafita, o primeiro espazo en España da rede global **The Quiet Garden Trust**. Fai unha parada para coñecer este precioso **xardín labirinto** dedicado á contemplación e a meditación, e goza da calma e espiritualidade que emana deste espazo.



SABOREA

O Cebreiro é un paraíso para os amantes da gastronomía tradicional. Aquí, a cociña baséase en produtos locais de alta calidade, como a carne de **vacún** de raza **Rubia Galega**, baixo a Denominación de Orixe Tenreira Galega, e os exquisitos **embutidos** que dan vida ao famoso **cocido** da zona. O **pan artesanal** e os doces feitos con **mel dos Ancares, noces** e **castañas** engaden un toque auténtico á mesa. Pero a xoia indiscutible é o **Queixo do Cebreiro**, un manxar ancestral que, coa súa historia ligada aos primeiros monxes do século IX, segue deleitando padais.

VIVE

Lugar de encontro de antigas tradicións e festividades, O Cebreiro celebra a súa rica cultura e gastronomía con eventos como a **Feira Anual de Gando**, realizada o terceiro domingo de setembro ou a **Feira do Queixo do Cebreiro**, que cada Venres Santo mostra o famoso queixo e outros produtos artesanais. Os días 5 e 21 de cada mes celébrase a **Feira de Pedrafita**, un mercado agropecuario onde é tradición degustar o **polbo á feira**. No ámbito relixioso, o 13 de xuño hónrase con misa e procesión a **San Antón**, o patrón local. A Romaría de **Santa María a Real do Cebreiro**, os días 8 e 9 de setembro, é a máis importante, con peregrinos venerando o Santo Milagre e gozando de actividades tradicionais.



Concello
982 367 103
concellopedrafita.es

Oficinas de Turismo:
O Cebreiro
982 367 025
Pedrafita do Cebreiro
982 367 103

Centro de Saúde
982 367 201

Farmacia
982 367 129

Garda Civil
982 367 110

Emerxencias
112





TRIACASTELA

FINAL DE ETAPA DENDE O CÓDICE CALIXTINO

O val de Triacastela, plácido e rodeado de montañas, ofrecerache un ansiado Respiro tras cruzar a desafiante e fermosa paisaxe de O Cebreiro. Fundada polo rei Alfonso IX en 1228, Triacastela é mencionada no **Códice Calixtino** como final da penúltima etapa do Camiño, o que reforza a súa histórica importancia como punto de descanso. Aquí, onde o río Oribio xorde das augas que descenden dos montes de A Meda, Oribio e Albela, sentirás a serenidade dunha contorna natural incomparable.



Ao entrar por
Biduedo, o
peregrino
descende cara a
Triacastela polas
saías do Monte
Caldeirón, coa
impoñente Serra do
Oribio á fronte.


A historia de Triacastela e o seu nacemento está profundamente vinculada ao Camiño de Santiago, aínda que xa dende a Prehistoria este foi un relevante enclave de poboación humana, como o demostran os importantes achados de Neandertais no xacemento da **Cova de Eirós**.

Chegar a **Biduedo**, o primeiro pobo do municipio, significa superar as maiores alturas do Camiño Francés en Galicia. Dende alí, o percorrido descende cara ao val onde se asenta Triacastela, pasando polas impresionantes paisaxes de **Fillobal**, **As Pasantes** e **Ramil**.





En **Biduedo** atópase a **Capela de San Pedro**, unha fermosa ermida considerada por moitos autores como a máis pequena do Camiño Francés, e que posúe como peculiaridade un orixinal adro de entrada con tres arcos de acceso.



O núcleo de Ramil, a menos de 1 km de Triacastela, destaca polas súas construcións tradicionais, como a Casa de Tulla, vinculada ao mosteiro de Samos e utilizada para a recollida de tributos dende o ano 1788. Un dos seus maiores atractivos é o senlleiro **castiñeiro centenario**, cun tronco de máis de 8 metros, que foi testemuña de máis de 800 anos de historia e é un dos lugares máis fotografados do Camiño.

Xa en Triacastela, ademais do seu rico patrimonio arquitectónico tradicional cabe destacar o **Monumento ao Peregrino** erixido en 1965 para conmemorar unha tradición descrita no **Códice Calixtino**. Segundo este costume, os peregrinos recollían unha pedra en Triacastela e levábana consigo a Castañeda (Arzúa) onde se empregaba para a fabricación do cal destinado á construción da Catedral de Santiago de Compostela. As pedras calcarias extraíanse dun dos poucos afloramentos deste tipo existentes en Galicia, situado en Vilavella.



**Ao deixar Triacastela
poderás elixir dúas variantes
para chegar a Sarria,
A Balsa-San Xil ou Samos.**

Se tomas a variante de A Balsa-San Xil poderás ver a **Casa da Ferrería**, unha antiga ferrería do século XVI de destacable arquitectura e coidadosamente rehabilitada, testemuña dunha época na que o ferro e o carbón eran unha das principais riquezas da zona. Tamén funcionou como mesón para peregrinos, ofrecendo tanto comida como ferrado de cabalos aos camiñantes.



DESCUBRE

Destaca polo seu
interese e
singularidade unha
fermosa **alvariza**
que foi restaurada
como anfiteatro. A
función tradicional
deste tipo de
construcións era a
protección das
colmeas de abellas
fronte ao ataque
do oso.



SABOREA

Fai un alto no Camiño para gozar da rica gastronomía de Triacastela. Destacan as súas carnes, con especial mención á **tenreira galega** e ao **porco celta**, raza autóctona da que se Elaboran **lacóns, embutidos** e **butelos** de excepcional calidade. As **castañas**, presentes en moitos pratos tanto doces como salgados, o **queixo** e o excelente **mel** da zona, pechan unha experiencia culinaria única.

VIVE

Se pasas por Triacastela nalgunhas destas datas non dubides en facer unha parada no Camiño e gozar das súas tradicións. Cada 17 de agosto, na ermida de **San Mamede**, celébrase a tradicional romaría en honra ao santo. Ademais, o 28 de cada mes, Triacastela acolle a tradicional **feira mensual** na súa rúa principal, ofrecendo produtos locais nun ambiente moi animado. Un dos eventos máis destacados é a **Feira de Artesanía e Produtos da Zona**, que ten lugar a finais de setembro, cando a localidade se converte nun punto de encontro para artesáns e produtores con diversas actividades festivas.



Concello

982 548 147

concellodetriacastela.es

Info Turismo

982 548 147

Oficina de Correos

982 546 055

Centro de Saúde

982 548 018

Farmacia

982 548 139

Garda Civil

982 546 008

Emerxencias

112





SAMOS

ENCLAVE HISTÓRICO ONDE INICIOU O SEU CAMIÑO O PRIMEIRO PEREGRINO



○ **Rei Alfonso II O Casto**, educado na súa infancia e adolescencia no Mosteiro de Samos, ao ascender ao trono e descubrirse o Sepulcro de Santiago nos inicios do século IX, apresurouse a venerar ao Apóstolo, converténdose no **Primeiro Peregrino**. Dende entón, Samos está profundamente ligado ao Camiño sendo parte esencial da súa historia dende os primeiros momentos deste transcendental descubrimento que transformou Europa.



SAN CRISTOVO DO REAL

Ao saír de Triacastela cara a Samos, o Camiño bifúrcase en dous, a variante Norte e a Sur que pasa pola vila de Samos.

A **ruta de San Xil** atravesa Valdescuro, entre prados e bosques de ribeira, e cruza aldeas como Pocara, Montán e Calvor. A **ruta de Samos**, en cambio, segue o río Oribio, bordeada de castiñeiros, carballos e freixos, xunto a pasteiros e terras de cultivo. Ambas rutas amosan interesantes exemplos de arquitectura popular como o conxunto da aldea de San Cristovo do Real.

Na túa chegada a Samos a súa maxestosa **abadía benedictina** recíbete mostrando todo o esplendor dun mosteiro cuxos orixes se remontan ao século VI, e no que tomou hábitos o Padre Feijoo, figura esencial da Ilustración Española.



A poucos metros da Abadía de Samos atópase a **Capela do Salvador ou do Ciprés**, unha antiga cela monástica do século IX-X, construída en estilo mozárabe con laxes de lousa e que constitúe o vestixio máis antigo do mosteiro. Xunto á capela, eríxese un **ciprés milenario** de 25 metros de altura e 3,25 metros de perímetro, considerado entre as cincuenta árbores máis notables de España.



Como curiosidade, se visitas a **Abadía de Samos**, busca a humorística inscrición no claustro gótico reconstruído despois do incendio de finais do século XVI por Pedro Rodrigues, quen incorporou unha singular lenda que dicía: “Que miras, bobo?” Quizais un aviso para lembrar a moradores e peregrinos da necesidade de non distraerse das súas obrigacións terreaís e espirituais.



Nas proximidades de Samos atópase a Casa Forte de Lusío, mansión señorial fundada en 1551 e hoxe convertida en albergue para peregrinos. Con escudo de armas, dúas plantas e torre cadrada, está situada sobre un outeiro ofrecendo unhas impresionantes vistas da paisaxe.



DESCUBRE

Na parroquia de Santalla, no pintoresco Val do Lóuzara, unha ruta artístico literaria adicada ao poeta Fiz Vergara desemboca na espectacular **fervenza de Santalla**, rodeada de exuberante vexetación atlántica.



SABOREA

A tradición culinaria de Samos destaca pola calidade dos produtos que proveñen dos seus verdes pastos e ríos cristalinos. As carnes de gando bovino e porcino, especialmente o **porco celta**, son moi apreciadas e protagonistas de xornadas gastronómicas. A repostería, famosa polos **biscoitos de Samos**, cuxa receita monástica ten máis de 250 anos, complementase con extraordinarios **queixos, mel, noces e castañas**, que tamén teñen un papel moi destacado en deliciosas receitas tradicionais.

DISFRUTA

Se pasas por Samos no verán, poderás gozar das súas tradicións a través de dúas feiras destacadas. A **Feira de Produtos Artesanais de Samos**, o segundo domingo de agosto, e a **Feira de Artesanía da Ponte de Lóuzara** o 17 de agosto, ofrecen produtos artesanais, gastronomía local e recreacións de oficios tradicionais, todo nun ambiente festivo con música e bailes típicos. Xunto a estas feiras, a **Festa de San Benito**, celebrada o segundo domingo de xullo, amosarache o rico patrimonio cultural da zona.



Concello
982 546 002
concellosamos.gal

Info Turismo
628 274 541

Oficina de Correos
Oficina de Sarria
982 546 055

Centro de Saúde
982 536 834

Farmacia
982 546 043

Garda Civil
982 546 008

Emerxencias
112





SARRIA

A VILA DO CAMIÑO



A antiga vila de Sarria, con máis de oitocentos anos de historia, é un punto de paso para peregrinos dende a Idade Media. Dende a súa fundación no século XII por **Alfonso IX**, as peregrinacións deixaron unha profunda pegada na súa historia, promovendo un notable florecemento cultural e artístico que levou á creación de mosteiros, igrexas e casas señoriais en toda a comarca. Sarria nace, sen dúbida, por e para o Camiño de Santiago.



Durante toda a etapa na que o Camiño transcorre por terras sarriás poderás gozar non só de paisaxes únicas, atravesando aldeas e bosques autóctonos de enorme valor medioambiental, senón tamén de belas obras de arte inesperadamente integradas na paisaxe e a arquitectura.

É o caso do impresionante mural que cobre as paredes dun alpendre da aldea de Cans, na parroquia de Santo Estevo de Calvor, dentro da Ruta de San Xil. A artista Eva Mena retrata aquí a mulleres vestidas co traxe tradicional, en homenaxe a todas as mulleres do rural de Galicia. Esta obra forma parte dun interesante proxecto, que busca embelecer o Camiño Francés a través da arte de diferentes creadores.

“**Moitos peregrinos inician o seu Camiño en Sarria, lugar onde o propio Alfonso IX faleceu antes de culminar a súa cuarta peregrinación a Compostela.**

O paso do Camiño pola vila de Sarria a través do seu centro histórico permitírache coñecer e gozar de toda a súa riqueza patrimonial e animada vida social e cultural. Ao atravesar a **Rúa Maior**, poderás ver a **torre medieval** que permanece como única testemuña da antiga fortaleza erixida entre os séculos XII e XIII para defender a comarca e dar protección ao peregrino.

Entre os cenobios fundados na Idade Media para axudar nas Necesidades do Camiño destaca en Sarria o **Mosteiro da Madalena**. Fúndase no século XII, case ao mesmo tempo que xurdiu a vila, como hospital e aloxamento para os camiñantes que ían a Compostela. Aínda que a súa arquitectura conserva vestixios románicos, as reformas máis significativas tiveron lugar no século XIX. Situado no propio Camiño, na actualidade retomou o seu espírito orixinal como albergue de peregrinos.





Deixando Sarria pola Ponte da Áspera, o Camiño avanza, levándote por fermosos lugares como a **Igrexa de Santiago de Barbadelo**. Esta xoia románica do século XII, formou parte dun antigo mosteiro, albergue de peregrinos, do que xa existen referencias no século IX no Códice Calixtino.

DESCUBRE

As curiosas e singulares **pampónigas** que saen danzantes nas festas de San Xoán son unha xoia patrimonial de Sarria que non debes perder se estás na vila nesas datas.



SABOREA

Ao pasar por Sarria, non perdas a oportunidade de coñecer a súa marabillosa gastronomía, que inclúe ademais as famosas augas minerais de Fontecelta. A vila é coñecida polas súas **carnes** de primeira calidade como o **Porco Celta**, do que se elaboran excelentes **embutidos**, e a **tenreira Rubia Galega**. Non deixes de probar as **empanadas** e **pans artesanais**. E se o teu paso coincide con Todos Os Santos, poderás gozar dos **Santitos**, unhas galletas típicas desta festividade. Ademais, a **Torta de Sarria**, elaborada con améndoa e castañas, é unha deliciosa sobremesa que non podes perder.

VIVE

Sarria ofrece unha vida cultural e festiva vibrante, con eventos destacados ao longo do ano como o **Entroido**, a **Semana Santa**, as festas patronais de **San Xoán** en xuño, o **Corpus Christi**, coas súas tradicionais alfombras florais, e a emblemática **Romaría dos Remedios** o 8 de setembro. A música e os festivais están tamén moi presentes con eventos como **Sarria Blues no Camiño** en agosto, o **Festival Internacional de Maxia**, o **Esmorga Fest** e **Ultreia et Suseia** en xullo, evento enmarcado no Camiño que se celebra con actividades de música, teatro e narración. Tamén destacan a **Feira de Antigüidades de San Lázaro**, o primeiro fin de semana de maio. O **mercado** tradicional no Campo da Feira, os días 6, 20 e 27 de cada mes, é unha ocasión ideal para gozar do **polbo á feira** que non podes perder.



Concello
982 535 000
sarria.gal

Oficina de Turismo
982 530 668
sarriaturismo.com

Oficina de Correos
982 530 793

Centro de Saúde
982 532 111

Farmacias
982 530 418
982 531 093
982 531 756
982 531 088

Policía Local
676 465 334
982 530 850

Garda Civil
982 530 474

Emerxencias
112





PARADELA

BERCE DA ORDE MILITAR DOS CABALEIROS DE SANTIAGO



Entre bosques e verdes sendeiros, os teus pasos chegan agora a Paradelas, municipio de crucial importancia simbólica no Camiño Xacobeo. Aquí estivo o **Mosteiro de Santa María de Loio**, que tivo a súa orixe nunha comunidade eremita do século V e do que hoxe só queda como testemuña a súa capela e algúns restos nas proximidades. Dise que en 1170, baixo o reinado de Fernando II, este foi o primeiro asentamento da **Orde Militar de Santiago**. Aquí, trece cabaleiros reuníronse para xurar protección aos peregrinos e ao Sepulcro do Apóstolo, establecendo así as normas que rexerían a Orde de Cabaleiros de Santiago.

No Camiño
por Paradela
atoparás
elementos de
gran beleza
natural e
patrimonial.



Ao mesmo pé do Camiño, na parroquia de **Ferreiros** está a súa **Igrexa de Santa María**. Este templo, vinculado aos cabaleiros da Orde de San Xoán, foi na súa orixe un priorado da Encomenda de Portomarín e contaba con hospital para peregrinos. No século XVIII, tras ser trasladada pedra a pedra dende Eirexe, a igrexa converteuse en parroquia. Da súa estrutura románica orixinal só se conserva a espectacular portada principal de tres arquivoltas de medio punto, mentres que o resto foi modificado.



Próximo á Igrexa de Santa María de Ferreiros áchase outro dos fitos importantes do Camiño, o **Km 100** de distancia até o ansiado final na tumba do Apóstolo.

Esta é a distancia mínima esixida para obter a **Compostela**, unha tradición que nos traslada aos primeiros séculos da peregrinación a Santiago, nos que se fixo necesario certificar o seu total cumprimento. Inicialmente empregábanse insignias como a cuncha de vieira, fácilmente falsificables, o que levou á venda fraudulenta destas fóra da cidade. Para combater isto, impuxéronse penas de excomunión aos falsificadores. A partir do século XIII, comezaron a emitirse cartas probatorias, máis difíciles de falsificar, que serían o antecedente directo da actual Compostela.



Moi ligado aos antigos itinerarios do Camiño Xacobeo está o cenobio de San Facundo de Ribas de Miño. Foi fundado ao redor de 1120 para acoller aos peregrinos na súa viaxe a Santiago.

Tras un conflito no que a raíña Dona Urraca destruíu a ponte de Portomarín, os monxes beneditinos instaláronse xunto ao río Miño para cruzar peregrinos en barcas. Aínda que pouco despois se reconstruíu a ponte, **San Facundo de Ribas de Miño** continuou ofrecendo refuxio a aqueles que non podían pagar a peaxe, brindándolles coidado, atención e acollida. Hoxe é un encantador conxunto monumental, situado nunha paraxe única rodeado de viñedos e con magníficas vistas ao río. A súa igrexa de bóveda baixa sostida por seis robustos arcos de pedra é considerada por algúns estudiosos a primeira igrexa de estilo gótico da Península Ibérica.



DESCUBRE

Na capital do municipio atópase a estatua de homenaxe aos **Cabaleiros da Orde de Santiago**, que rende tributo a aqueles que encomendaron a súa vida a dar protección e amparo aos peregrinos que se aventuraban no Camiño durante a Idade Media.



SABOREA

A gastronomía de Paradela ten como raíña indiscutible a **anguía**. Preparada de múltiples formas tradicionais, frita, guisada ou en empanada, atrae a un enorme número de comensais durante todo o ano. O **cocido galego**, con grelos ou repolo, ou a excelente **tenreira galega**, cociñada con mestría, son imprescindibles. A **castaña** e as **mazás locais** tamén se preparan de múltiples formas, tanto en sobremesas como para acompañar todo tipo de carnes. Ademais, os **viños da Ribeira Sacra**, cultivados nos característicos bancais, ofrecen a maridaxe perfecta para calquera comida. E como colofón doce, imprescindible probar a deliciosa **torta de Paradela**.

VIVE

Cada 15 de mes, Paradela acolle a súa **tradicional feira**, coas emblemáticas pulpeiras sempre presentes. O 15 de maio celébrase a festividade en honra a **San Isidro**, patrón do mundo agrario, nunha xornada que rende homenaxe ás tradicións rurais. Se chegas a Paradela nesta data poderás gozar dunha auténtica feira de gando, culminando o día cunha exquisita grellada de tenreira galega, maridada con viños da Ribeira Sacra e amenizada con música festiva. Ademais, as aldeas do municipio celebran numerosas festividades ao longo do ano, preservando as súas antigas tradicións.



Concello
982 541 101
paradela.es

Info Turismo
982 541 101

Oficina de Correos
Oficina de Sarria
982 530 793

Centro de Saúde
982 541 197

Farmacia
982 541 157

Garda Civil
Puesto de Portomarín
982 545 002

Emerxencias
112





PORTOMARÍN

PEGADA DA ORDEN HOSPITALARIA DE SAN XOÁN DE XERUSALÉN

Seguindo o Camiño, Portomarín xorde ao lonxe coroada pola súa fermosa **igreja románica de San Nicolás**, antigamente denominada de San Xoán. Esta gran igrexa fortaleza foi levantada pola **Orde de San Xoán** para protexer a antiga ponte de entrada e servir de hospital de peregrinos. A igrexa trasladouse pedra a pedra da súa localización orixinal do mesmo xeito que a vila medieval, debido á construción do encoro de Belesar nos anos cincuenta. A pesar deste traslado Portomarín segue a conservar os seus monumentos máis significativos e o encanto da arquitectura tradicional galega nas súas rúas empedradas e casas con soportais.



A importancia histórica de Portomarín chega a partir do **século XII** grazas ás peregrinacións compostelás ao formar parte do Camiño Francés. De orixe romana, o antigo Portomarín era unha fermosa vila medieval que se dividía en dous barrios situados en ambas as beiras do río, o barrio de San Xoán e o de San Pedro.

Coa construción do **encoro de Belesar** o pobo quedou mergullado baixo as augas do río Miño pero antes trasladáronse todas as súas edificacións relevantes e de valor histórico. Se as augas están baixas, cando atraveses a nova ponte ao entrar en Portomarín aínda poderás ver antigos restos pétreos asomando como testemuñas silenciosas dun pasado que se resiste a desaparecer por completo.





Trasladadas do antigo Portomarín, a Escalinata da ponte medieval e a Capela das Neves situáronse ao final da nova ponte para manter viva a memoria histórica das peregrinacións.

A capela románica e a ponte medieval de orixe romana sobre a que se sitúa, ocupan o lugar no que antigamente se achaba o **hospital da Orde de San Xoán**. Aquí, dende a Idade Media, os camiñantes recibían unha bendición antes de emprender a última etapa cara a Compostela. O **Códice Calixtino** xa resaltaba a súa importancia como punto esencial da ruta, o que lle outorga un importante valor simbólico.



A **Igrexa de San Pedro**, situada hoxe no centro urbano a poucos metros do emblemático **Pazo de Berbeteros**, do século XVII, foi reconstruída dende a súa anterior localización conservando só os arcos románicos de finais do século XII, época da súa construción orixinal, na que era o primeiro templo que atopaban os peregrinos ao chegar A Portomarin.



DESCUBRE

O trazado orixinal do Camiño bordea o Complexo defensivo do **Castro de Castromaior**, un xacemento da Idade de Ferro de especial relevancia para o estudo da vida castrexa no Noroeste Ibérico.



SABOREA

En Portomarín poderás seguir gozando da excelente variedade de carnes e verduras propias da gastronomía atlántica, pero aquí hai tres elementos singulares que non debes perder: a súa **augardente**, a **Torta de Portomarín**, coñecida como Torta de Santiago e imprescindible na repostería galega, e as súas prezadas **anguías**, base de deliciosas elaboracións. A augardente obtida da destilación da uva trala fermentación é todo un símbolo de Portomarín e constitúe ademais o principal ingrediente da bebida galega máis representativa, a queimada.

VIVE

Cada Domingo de Resurrección ten lugar a **Festa da Augardente**, en honra aos augardenteiros que levan xeracións destilando este licor de forma tradicional. Durante a festa noméanse novos cabaleiros e damas da **Serenísima Orde da Alquitara**, creada para preservar e promocionar este prezado bagazo que os visitantes poden degustar mentres observan o seu proceso de elaboración artesanal. Ademais, Portomarín celebra as súas **festas patronais** o primeiro domingo de setembro e organiza unha **feira tradicional** o día 9 de cada mes. En agosto, os **Domingos Folclóricos** ofrécenche a oportunidade de gozar e descubrir a rica herdanza cultural local.



Concello

982 545 070
concellodeportomarin.es

Info Turismo

982 545 070

Correos

915 197 197

Centro de Saúde

982 536 833

Farmacia

982 545 201

Garda Civil

982 545 002

Emerxencias

112





MONTERROSO

HOSPITAL E CEMITERIO DE PEREGRINOS

O Camiño Francés cruza as terras de Monterroso, iniciando o seu descenso dende a Serra de Ligonde até alcanzar a aldea que leva o seu nome. Xa no século X, os rexistros testemuñan a relevancia deste enclave no coidado dos peregrinos que marchaban cara ao sepulcro de Santiago. Ligonde, co seu antigo hospital e cemiterio, erixíase como refuxio onde os camiñantes achaban repouso e alivio na súa devota travesía cara a Compostela.





O **Cruceiro de Lameiros** recibe ao peregrino antes de chegar ás primeiras casas da aldea. Este singular monumento, datado en 1670, está cargado de simbolismo. A cruz de dobre cara representa a Xesús Crucificado e á Virxe das Dores. A súa base, formada por tres niveis, presenta esculpidos os instrumentos utilizados no Descendemento. A escaleira, as tenaces e a coroa de espiñas evocan a sacrificada peregrinación espiritual e física dos que pasan xunto a él.

Ao pasar pola aldea
de Ligonde, unha
cruz de pedra
marca o lugar
onde, dende hai
máis dun milenio,
dábase sepultura a
quen perdía a
vida no Camiño.

O antigo **Hospital de Peregrinos**, hoxe desaparecido, foi doado no século X polo Conde Osorio á súa esposa como acto de redención dos seus pecados. Deixou rexistros até principios do século XIX, o que suxire que aínda seguía funcionando nesa época. Situábase nunha leira fronte á actual estrada de Monterroso, na que xa non queda ningún resto de edificación e hoxe está destinada a pasteiro.

Anexo ao Hospital, estaba o **Cemiterio de Peregrinos**, do que tampouco quedan restos visibles. Conmemórase actualmente cunha sinxela cruz sobre un muro de pedra, lembrando aos camiñantes o lugar onde se atopaba.



Outro enclave de gran relevancia é a **Igrexa de Santiago**, cuxos orixes se remontan probablemente ao século XI.

Esta igrexa posúe un singular detalle no seu exterior que engade un gran valor ao conxunto. Encaixada no muro e case ao nivel do chan, descansa unha pedra labrada, desgastada polo paso do tempo. Trátase dun antigo **sartego prerrománico**, cuxa superficie erosionada aínda permite entrever a escena de Daniel no foso dos leóns, un motivo recorrente na arte Paleocristián que aquí sobrevive como lembranza de séculos pasados.



DESCUBRE

○ **Centro de Interpretación Monterroso, a vila das feiras** é o froito do esforzo do sacerdote Don Carlos Méndez Vázquez, cuxa colección persoal pasou a formar parte do patrimonio municipal. Este espazo mostra pezas históricas que exploran tanto a historia da Ulloa como a influencia da Feira de Monterroso na rexión.



SABOREA

No teu paso por Monterroso terás a oportunidade de deleitarte cunha gastronomía rica e auténtica. Non perdas a ocasión de degustar o **queixo da Ulloa**, a sobremesa perfecta para gozar do auténtico sabor da comarca. Tampouco poden faltar outros produtos emblemáticos como o **pan** e as **empanadas artesanais**, nin as **castañas** da zona, que, tanto en receitas doces como salgadas, destacan pola súa calidade e excelente sabor.

VIVE

O primeiro día de cada mes celébrase a **feira local** e os segundos e cuartos domingos organízase o **Mercado de Santa Lucía**, centrado en produtos agrícolas. Pero o evento máis destacado é, sen dúbida, a **Feira de Santos**, o 1 de novembro, probablemente a máis antiga e recoñecida de Galicia, xa que dela existen rexistros dende o século XIII. En agosto ten lugar o festival **Agrocuir**, e entre as festividades locais, o 10 de xullo celébrase **San Cristovo**, coa tradicional bendición de vehículos e unha comida campestre na Peneda, mentres que o 29 de setembro a vila festexa **San Miguel**, as súas festas patronais máis importantes.



Concello
982 377 001
monterroso.es

Info Turismo
982 377 001

Oficina de Correos
982 377 128

Centro de Saúde
982 377 559

Farmacias
982 377 507
982 377 177

Garda Civil
982377003

Emerxencias
112





PALAS DE REI

REFERENTE DO ROMÁNICO GALEGO VINCULADO AO CAMIÑO



O tramo entre Monterroso e Palas de Rei estivo baixo a custodia dos **Cabaleiros da Orde de Santiago** dende 1184, que garantiron a seguridade da ruta durante séculos. Aínda que o **Mosteiro de Vilar de Donas** atopábase apartado do Camiño, a súa influencia protectora facíase sentir ao longo de todo o percorrido. A igrexa de Vilar de Donas, coa súa imponente beleza, é hoxe un dos máis emblemáticos exemplos do románico galego ligado ao Camiño de Santiago.




Atravesando os frondosos sendeiros do Camiño por Palas de Rei merece a pena un desvío para visitar o Mosteiro de Vilar de Donas.

A **Igrexa de Vilar de Donas**, do século XIII, é unha xoia do románico galego coa súa magnífica portada de arquivoltas decoradas e restos do vello claustro. Vinculada ao **mosteiro da Orde de Santiago**, o seu interior alberga valiosas esculturas góticas, pinturas na ábsida central, que o cobren como un retablo, e sepulcros de cabaleiros da Orde, creando un espazo de gran valor histórico e artístico.



O Camiño de Santiago cruza Palas de Rei, cuxo orixe medieval está documentado no Códice Calixtino como inicio da última etapa cara a Santiago.

A localidade floreceu coas primeiras peregrinacións, deixando un valioso patrimonio románico, como a **Igrexa de San Tirso**. Esta igrexa, do século XII, foi modificada ao longo do tempo, conservando da súa estrutura orixinal só a portada principal. Para os peregrinos, San Tirso é unha parada obrigatoria onde poden selar a súa Compostela antes de continuar cara á meta final.



O Camiño, á súa saída de Palas de Rei, continúa a discorrer por magníficos sendeiros arbolados.

Antes de chegar á pequena aldea de San Xiao do Camiño, coa súa igrexa do século XII, atópase a fermosa **Lagoa de San Xiao**. Situada na marxe dereita do Camiño este é un espazo natural de gran valor e beleza paisaxística. Distintas especies de aves acuáticas e vexetación de ribeira habitan este recuncho privilexiado que sen dúbida merece un alto no camiñar.





DESCUBRE

Preto do Camino poderás gozar da beleza do **Castelo de Pambre**. Esta fortaleza, construída a finais do século XIV, foi un dos poucos castelos feudais galegos que se salvou das Revoltas Irmandiñas do século XV.

SABOREA

Ao teu paso por Palas de Rei poderás gozar dos mellores sabores da cociña galega tradicional. Dende as excelentes **carnes** criadas na comarca, ata o **pan** feito artesanalmente, a gastronomía local é unha delicia. Pero, sen dúbida, a súa verdadeira xoia é o **Queixo de Denominación de Orixe Arzúa-Ulloa**. Este queixo elabórase de forma artesanal dende hai xeracións e hoxe en día é recoñecido a nivel nacional e internacional polos seus altos estándares de calidade e sabor.

VIVE

Entre as festividades de Palas de Rei que non podes perder se coinciden co teu paso destacan as súas **Festas Patronais do Ecce Homo** o 14 de setembro, a principal celebración do municipio, que atrae a veciños e visitantes de fóra da comarca da Ulloa. Outra cita importante é a **Feira do Cabalo de Vilar de Donas**, celebrada o segundo domingo de agosto no seu hipódromo, con gran participación nas carreiras. En setembro, o primeiro fin de semana, ten lugar **Son d'Aldea**, un evento dedicado ao desenvolvemento rural. Ademais, os días 7 e 19 de cada mes, o **mercado local** ofrece variedade de produtos tradicionais.



Concello
982 380 001
concellopalasderei.es

Info Turismo
982 380 001

Oficina de Correos
982 374 116

Centro de Saúde
982 380 176

Farmacias
982 380 108
982 380 142

Garda Civil
982 380 002

Emerxencias
112





MELIDE

ENCRUCILLADA DE CAMIÑOS



Melide, situada no corazón de Galicia, atópase a poucas etapas da ansiada chegada a Santiago. Esta vila é un punto crucial no Camiño de Santiago, onde o Camiño Francés se une ao Primitivo que chega dende Oviedo. A súa importancia como encrucillada de rutas xacobeas é innegable, converténdose nun verdadeiro crisol de culturas e nacionalidades. Ao longo dos séculos, Melide foi testemuña do encontro de peregrinos de todos os recunchos, reflectindo o seu papel esencial no armazón espiritual e cultural do Camiño.

CAPELA DE SAN ROQUE



Con Melide á vista, a **ponte medieval de Furelos**, unha das xoias da arquitectura civil do Camiño de Santiago, abre o paso á aldea do mesmo nome. Mencionada en documentos do século XII, Furelos conservou parte da súa estrutura medieval. Á beira do Camiño Francés alzáase a Igrexa de San Xoán, que alberga un impresionante retablo neogótico e conserva elementos da súa arquitectura románica.

O Camiño de Santiago cruza Melide polo seu centro histórico, convidándote a deterte e explorar con calma todos os seus recunchos.

Entre os monumentos que non debes perder está a **Capela de San Roque**, construída en 1949 con materiais das antigas igrexas de San Pedro e San Roque. A súa portada principal, unha das máis belas da arte medieval galega, provén da igrexa de San Pedro, e no seu interior repousan sepulcros medievais de notables locais. Xunto á capela érguese o Cruceiro de Melide, considerado o máis antigo de Galicia, con esculturas de Cristo Maxestade e un Calvario.

No corazón da vila, a Praza do Convento concentra varios edificios monumentais, como a **Igrexa de Sancti Spiritus**, a **Obra Pía de San Antón** e o pazo barroco que alberga o **Concello**. Coñecido como a Colexiata na súa orixe, foi fundado en 1671 e aínda que só se conserva a fachada, o pazo mantén os escudos nobiliarios dos seus antigos propietarios, sendo sede do Concello dende 1960.





No mesmo lugar onde conflúen o Camiño Primitivo e o Camiño Francés, **Santa María de Melide** aparece coa súa impresionante silueta románica. Enclave de gran importancia no Camiño Xacobeo, deterse a admirar os magníficos detalles da súa arquitectura, os elegantes arcos das dúas portas de entrada e a exquisita ornamentación interior é case obrigatorio para o peregrino.



DESCUBRE

Na Praza do Convento, o antigo Hospital de Peregrinos de Santi Espiritus, alberga hoxe o **Museo Terra de Melide**.

O edificio, construído en 1502, como indica a inscrición na súa fachada, conserva os escudos do conde de Monterrei. Actualmente, o museo exhibe unha valiosa colección etnográfica e arqueolóxica que abarca dende o Neolítico até o século XX.



SABOREA

Cando chegues a Melide, non deixes de gozar da súa exquisita gastronomía na que destacan **carnes, verduras, mel e queixos** de primeira calidade. Pero o que sen dúbida te sorprenderá é un dos seus grandes protagonistas da mesa, o **polbo á feira** que aquí se prepara, recoñecido como un dos mellores de Galicia. Tampouco podes irte sen probar os tradicionais **melindres**, pequenas rosquillas cubertas de almíbar, ou os **ricos**, doces feitos con anís e manteiga. Outros doces locais como os **almendrados**, completan unha experiencia gastronómica inesquecible.

VIVE

A **Festa do Melindre e da Repostaría Tradicional da Terra de Melide**, celebrada o segundo fin de semana de maio, é un evento gastronómico moi destacado no que se rende homenaxe a estes doces artesanais. Entre as festividades máis importantes de Melide destacan as **Festas de San Roque**, as **Festas do Carmen** e de **San Antonio**, o **Día de San Pedro**, o 29 de xuño, en honra ao patrón da vila e a **Foliada de Melide**, encontro de música e tradición que ten lugar o último fin de semana de abril. O **mercado dominical** ofrece variedade de produtos cada semana nun ambiente de gran animación nas rúas.



Concello
981 505 003
concellodemelide.org

Info Turismo
981 505 003 ext.2146
turismomelide.com

Oficina de Correos
981 505 866

Centro de Saúde
981 506 176
981 952 950

Farmacias
981 505 307
881 976 604
981 505 078

Policia Local
610673767

Garda Civil
981 505 007

Emerxencias
112





ARZÚA

ÚLTIMO HOSPITAL DE PEREGRINOS DO CAMIÑO FRANCÉS

Na súa penúltima etapa, o Camiño Francés chega a Arzúa, vila de tradicional coidado de peregrinos dende a Idade Media. Aquí eríxese a **Igrexa da Madalena**, única testemuña dun antigo mosteiro agostiño fundado no século XIV. Baixo o amparo do arcebispo Don Pedro, este mosteiro ofreceu acubillo e atención aos camiñantes durante séculos, ata que en 1692 a comunidade trasladouse a Santiago, deixando baleiros os seus muros. Aquí, neste último hospital antes de Compostela, os peregrinos achaban o necesario descanso, a un paso xa da súa anhelada meta.



**Antes de
chegar a
Arzúa, a
Ponte de
Ribadiso
agárdate, fiel
testemuña do
paso de
peregrinos
dende o
século XII.**



Esta ponte, clave no trazado do Camiño de Santiago, presenciou durante séculos o camiñar cara a Compostela. Detente un instante sobre o río Iso e respira a serenidade que envolve este lugar. Ao levantar a vista, descubrirás a aldea de Ribadiso, un conxunto de casas que parece terse detido no tempo, preservando a esencia da arquitectura galega tradicional e ofrecendo un recuncho onde pasado e presente se entrelazan en perfecta harmonía.

Xunto á ponte atópase o albergue de Ribadiso, un lugar que durante centos de anos, dende a súa fundación entre os séculos XII e XIII como Hospital de San Antonio, brindou refuxio aos peregrinos que alí chegaban. Este lugar mantivo a súa esencia de acollida ao longo do tempo, continuando hoxe a súa función de ofrecer descanso aos peregrinos do Camiño de Santiago.



En Arzúa, o Camiño Norte fúndese co Camiño Francés, e os peregrinos que percorreron ambas as rutas, xunto cos que seguiron o Camiño Primitivo, avanza xuntos cara a Santiago.

Ao pasar por Arzúa, detente un momento para descubrir os seus encantadores recunchos e coidados xardíns. Na Praza de Galicia, poderás admirar o **Monumento ás Queixeiras**, unha fermosa escultura que rende homenaxe ás mulleres que elaboran e venden os afamados queixos de Arzúa, auténtico símbolo da tradición local.



DESCUBRE

Na parroquia de San Cristovo de Dombodán atópase a **Fervenza das Hortas** ou fervenza de Santa Marta, unha fermosa paraxe natural. A auga que flúe sobre as rochas e a abundante vexetación, xunto cun pequeno muíño ao pé da fervenza, forman unha paisaxe de singular beleza.



SABOREA

Ao chegar a Arzúa, descubre a rica gastronomía que esta terra ten para ofrecer. O produto estrela é o seu **Queixo de Denominación de Orixe Arzúa-Ulloa**. Suave e cremoso, está elaborado con leite fresco de vaca procedente das granxas locais. Este queixo é un reflexo do coidado e a dedicación dos produtores da zona dende hai xeracións, converténdose nun símbolo de calidade dos produtos galegos. Proba tamén as **hortalizas frescas** que se cultivan nas súas terras e o seu delicioso **mel**, un produto natural cuxo sabor e calidade convérteno no complemento perfecto para degustar con queixo ou nunha rebanada de pan artesanal.

VIVE

A principios de marzo celébrase a **Festa do Queixo**, na que a vila se enche de eventos gastronómicos, musicais e culturais que non quereas perder. O 16 de xullo, as **Festas Patronais do Carmen** iluminan a localidade, e o 24 de agosto celébrase unha festiva xornada campestre no Santuario da Mota. A principios de setembro, a **Festa na Capela do Viso** reúne a veciños e visitantes noutra animada celebración ao aire libre. Ademais, Arzúa conta con **feiras quincenais** os días 8 e 22 de cada mes, e en decembro, a **Feira do Capón**, parte da Feira de Nadal, é unha ocasión especial para degustar este tradicional produto.



Concello
981 500 000
arzua.gal

Info Turismo
981 508 056
turismoarzua.gal

Oficina de Correos
982 500 486

Centro de Saúde
981 501 322

Farmacias
981 500 006
981 500 041
981 501 371

Policía Local
618 881 487

Garda Civil
981 500 002

Emerxencias
112






O PINO

ANTESALA DE COMPOSTELA NOS CAMIÑOS

O Pino acolle o último tramo do Camiño Francés cara Santiago de Compostela, atravesando verdes paisaxes e tranquilos camiños rurais. O percorrido comeza nas primeiras aldeas do municipio, serpeando entre prados e bosques que acompañan ao peregrino na súa aproximación final a Santiago.





Durante o traxecto polo Pino, atravesarás pequenas aldeas e acolledores pobos onde descansar. A cada paso, a paisaxe fúndese harmoniosamente coas construcións tradicionais e os campos de labranza, ofrecendo un fermoso contraste entre a natureza e a vida rural.

Entre a abundante vexetación que rodea o Camiño escóndense sutís detalles que evocan o culto xacobeo. Mantén a mirada atenta e descubrirás antigos fitos de pedra adornados con cunchas de vieiras e pequenos altares improvisados, testemuñas silenciosas do paso dos peregrinos ao longo dos séculos.

Santa Irene, un pequeno pobo de gran beleza natural, é unha parada especial para os peregrinos do Camiño de Santiago. Ademais das súas tranquilas paisaxes, o lugar ofrece puntos de especial interese como a histórica **Capela de Santa Irene**, construída a finais do século XVII.

“**Na aldea de Santa Irene unha fermosa fonte de pedra recíbete ao teu paso polo Camiño.**”

Conta a tradición que a auga desta fonte ten poderes curativos, axudando tanto na protección dos cultivos como na sanación dos nenos, o que a converte nun recuncho cargado de significado. Este lugar non só che ofrecerá un respiro no percorrido senón tamén espazos, como a súa magnífica carballeira, para conectar coas historias, a espiritualidade e a natureza da contorna.



O patrimonio
histórico e
natural de
O Pino
ofréceche
unha ampla
variedade de
elementos que
falan da súa
historia e
tradições.

Os seus cruceiros, destacando entre eles o singular cruceiro de Lardeiros, do ano 1700, e os numerosos hórreos, muíños, fontes e lavadoiros, permanecen como símbolos da vida rural da zona. O pasado das grandes familias aínda se reflicte nas casas señoriais e reitorais que salpican o municipio e a súa arquitectura relixiosa é tamén digna de mención, con notables exemplos repartidos polas súas parroquias.

Fai un alto no Camiño e visita algunha destas xoias que se atopan nas súas proximidades como a **Igrexa de San Breixo de Ferreiros**, cuxa elegante cúpula se pode divisar dende a distancia, convidando ao camiñante a descubrir máis sobre este lugar cheo de historia.



DESCUBRE

A **Área Recreativa da Madalena**, na parroquia de Castrofeito, rodea a capela do mesmo nome coa súa fermosa carballeira.



SABOREA

En O Pino, como noutros municipios da Comarca de Arzúa, os produtos locais como **carnes** e **hortalizas** son a alma da cociña. Entre estes produtos, o máis especial e distintivo é o **Galo Piñeiro**. Esta raza autóctona, que segundo diversos estudos foi introducida polos Celtas, é orixinaria deste concello e con ela elabóranse deliciosos pratos dada a súa extraordinaria calidade e sabor único. O teu paso por O Pino é a ocasión perfecta para degustalo.

VIVE

O Pino conta con varias celebracións populares, moitas delas de carácter relixioso. Destacan especialmente a **Romaría da Madalena** en Castrofeito, o 22 de xullo, e a de **San Pedro en Arca**, o 29 de xuño, celebradas ambas en fermosas carballeiras con comidas campestres. Outra festividade importante é a **Festa do Galo Piñeiro e Mostra Cabalar**, que ten lugar o primeiro fin de semana de agosto en Arca. Aquí poderás gozar de concertos e un xantar popular coa carne de galo como protagonista. A festa tamén inclúe competicións e exhibicións ecuestres, todo nun ambiente festivo que non queredes perder.



Concello
981 511 002
opino.gal

Oficina de Turismo
981 511 065

Centro de Saúde
981 814 392

Farmacias
981 511 054
981 511 055

Garda Civil
981 511 052

Emerxencias
112





Ao fin, tras percorrer os antigos sendeiros dos **once municipios** polos que o Camiño Francés atravesa Galicia, chegas a **Santiago de Compostela**.

As torres da catedral érguense ante a túa mirada mentres os teus pasos resoan nas rúas empedradas que tantos peregrinos percorreron antes. O cansazo desvanecerase cando as campás che den a benvida, e nese intre saberás que este lugar non é só o final do camiño, senón a culminación de todas as túas vivencias. Ao teu redor, os ecos das paisaxes, os pobos e as xentes que atopaches no traxecto lembraránche que esta viaxe foi moito máis que un percorrido físico. Tocaches a alma de Galicia, pero aínda queda moito por descubrir.

Ao partir, desexamos que non só leves contigo os recordos do Camiño, senón tamén o desexo de regresar para emprender novos roteiros e descubrir todas as historias que quedaron por coñecer dos once municipios galegos que te acompañaron nesta travesía inesquecible.

*Grazas por Camiñar
cos Sentidos*



